

## DEFENSA

### MESA DELEGADA DEFENSA

MAIO 2024

Cuestións relativas ao funcionamento da Mesa Delegada

A administración propón convocar reunións específicas de persoal estatutario.

O regulamento de mesa a administración fala de esperar a que función publica faga un regulamento e si non se fará un regulamento propio.

A CIG e o resto de organizacións sindicais, estamos de acordo en que se convoquen grupos de traballo dentro da Mesa Delegada, para tratar os temas do persoal estatutario

### **Situación OEPs**

Procesos persoal Funcionario.-

Científicos superiores acceso libre dous tribunais un está en fase concurso e o outro está na fase de oposición, Promoción interna fase concurso, Enxeñeiros Técnicos están na calificación do ultimo exame da fase oposición, Promoción interna concurso, mestres arsenais, esta na fase de concurso, oficiais de arsenais o día 10 finaliza o prazo de alegacións.

Función Publica no reparto de prazas do anos anos 20,21, e 22, a Defensa ten asignadas o seguinte numero de prazas:

Funcionario

Corpo xeral administrativo( C1)- 70 prazas

Corpo xeral auxiliar administrativo (C2)- 45 Prazas

Persoal Laboral

prazas da oferta do ano 21 e 22, corresponden ao ministerio de defensa:1108 prazas libre y 11 55 promoción interna.

Persoal Estatutario.

Oferta 2023 fase concurso, estabilización 2023,esta parada en función publica por unha sentenza que están estudando que afecta ao conxunto das administracións publicas.

A CI G as prazas que asinan a defensa aínda que é un porcentaxe moi considerábel pois supón un porcentaxe elevada , mais o problema xurde porque os porcentaxes de reserva a persoal militar son moi elevados en torno ao 75%, esta organización pide a administración que baixen esa porcentaxe para que por acceso libre se poda presentar mais xente, para que non queden as prazas valeiras, como esta sucedendo como ate agora, pois son porcentaxes moi altas nas que non se cobren as prazas,

### **Concursos de persoal funcionario e estatutario**

Concurso xeral .- publicouse no BOE do día 30 a Resolución do concurso xeral, das 180 prazas cubriron 151 prazas (24 funcionarios/as doutros ministerios), non se cubran 29 prazas ( 4 non foron solicitadas)

concursos próximos a convocar:

O seguinte concurso, que será convocado en breve, sería un Concurso específico entre 130 y 140 prazas. Unha vez remata o anterior haberá un concurso específico corpo arsenais da Armada.

Concurso persoal estatutario. O ano que ven porase fin a inercia e convocarase un concurso (que leva mais de dez anos sen convocar).

CI G.- Di que parece que temos un cambio de rumbo nesta administración e nos congratulamos diso, pois a Administración entende o exposto en todos estes anos que unha das partes mais importantes dos empregados públicos é a mobilidade, e por fin se da a todos os colectivos a posibilidade de concursar.

Estatutarización

A administración di que xa teñen un borrador e que nolo fará chegar en breve

Ámbito: 2 hospitais + 3 centros asociados, no ven cabida ao resto, abrangue a un total de 276 persoas.

Neste punto a CI G , non fixo ningunha valoración ate que vexa o borrador para ter unha visión global.

Produtividade de persoal funcionario y produtividade variable e gratificación COVID de persoal estatutario

A Administración expresa claramente que non vamos a ter unha Instrución de Produtividade para o ano 2024.

Neste seguimos coa sen razón da administración a non negociar a produtividade , non quere que todo sexa transparente e seguen deixando que os xefes dos centros de traballo , sigan a distribuír a produtividade , con criterios pouco claros.

O subdirector de Custes dixo que no reparto que a dia de hoxe non todo é medible.

A CIG, respondeu que precisamente a produtividade ten que ser medible, pois a definición de produtividade: "Capacidade de produción por unidade de traballo".

Una vez mais demostran a pouca transparencia neste tema.

Bolsa de emprego para persoal estatutario temporal

A administración plantexa que hai falla de persoal para cubrir o persoal estatutario.

A administración propón unirse as bolsas de persoal estatutario dos servizos de saúde das comunidades autónomas.

A CIG., Este sindicato expón que é un problema xeral que non afecta a defensa, afecta ao conxunto das administración públicas, polo que non vai ser un problema doado de solucionar, polo que CIG propón que en colectivos onde se careza de candidatos, haberá que mover en función publica para que a lei de incompatibilidades se modifique parcialmente para en certos casos se poida traballar en dúas administracións ao mesmo tempo.

## ROGOS E PREGUNTAS

O Persoal xubilado parcialmente , sigue a ter nóminas que non cadran pois se están facendo descontos distintos, a uns lle descuentan as bases de cotización de antes de xubilarse o outros fan os descontos por importe efectivamente devengado., polo que pedimos dende nómina unificada nos expliquen como debe ser efectivamente os descontos.

A administración quedou en miralo e contestarnos cando nóminas responda.